# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15032959 | CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel | Carral | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación primaria | Lingua Estranxeira - Inglés | 5º Pri. | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 4 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 16 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 17 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 17 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 17 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 18 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 18 |
| 7.2. Actividades complementarias | 19 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 19 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 20 |
| 9. Outros apartados | 20 |

## 1. Introdución

Esta programación vai destinada aos 3 grupos de 5º EP, que contan con 50 alumnos en total. Está elaborada a partir do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
O centro escolar participa no programa e-Dixgal, polo que en 5º de primaria empregamos esta plataforma dixital e algúns dos seus materiais como ferramenta.
O centro pertence á rede de centros plurilingües, polo que contaremos tamén con auxiliar de conversa.
Este curso organizaremos o currículum en 4 unidades didácticas a través das cales traballaremos os diferentes criterios de avaliación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás. | 2-3 | 1-2 | 1 | 1 | 5 | | | 2 |
| OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás. | 1 | 1-2 | 1 | 2 | 5 | | 1 | 4 |
| OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía. | 5 | 1-2 | 1 | | 3 | 3 | 1-3 | |
| OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación. | 5 | 1-2-3 | 1 | | 1-3 | | | 1 |
| OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas. | | 2 | 1 | 2 | 1-4-5 | | 3 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais. | 5 | 3 | | | 1-3 | 2-3 | | 1 |

**Descrición:**

## 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Back on track! | Revision from previous years.<br>Asking and giving personal information about themselves and others: age, birthdate, nationalities,...<br>Talking and asking school-related questions (subjects, timetable,...), routines, etc | 10 | 12 | X | | |
| 2 | The storyteller | Describing people through books and stories, talking about abilities, feelings...<br>Discovering different tradition characters and describing them (Halloween, Christmas, Thanksgiving) | 20 | 28 | X | | |
| 3 | What a wonderful world | Getting closer to different elements of our planet: habitats, animal world, natural wonders...<br>Raising awareness of the importance of our actions towards our planet.<br>Asking and answering questions related to likes/dislikes, there is/are... | 30 | 32 | | X | |
| 4 | Tales from the past | Exploring life in the past, inventions, past influencing people, telling about past events and stories, legends and myths. | 40 | 33 | | | X |

## 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Back on track! | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| **Criterios de avaliación** | **Mínimos de consecución** | **IA** | **%** |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes. | Recoñecer a idea principal dun texto ben oral ou escrito. | PE | 15 |
| CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos. | Aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global dun texto breve e sinxelo. | TI | 85 |
| CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital. | Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambio de información. | | |
| CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación. | Empregar fórmulas e estratexias de saúdo, despedida e presentación. Saber respostar preguntas sinxelas e traballadas con aterioridade. | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento. | Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas | | |
| CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais. | Actuar con respecto en situacións interculturais | | |
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia. | Aceptar e respectar a diversidade lingüística e cultural de países onde se fala a lingua estranxeira. | | |
| CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística. | Apreciar a diversidade lingüística e cultural. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| **Contidos** |
|---|
| - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.<br>- Técnicas de aprendizaxe. |

| Contidos |
|---|
| - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.<br>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.<br>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais.<br>- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre.<br>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.<br>- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).<br>- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.<br>- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.<br>- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.<br>- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.<br>- Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | The storyteller | 28 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes. | Recoñecer a idea principal dun texto ben oral ou escrito. | PE | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos. | Aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global dun texto breve e sinxelo. | TI | 90 |
| CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira. | Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado. | | |
| CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia. | Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, usando estruturas e léxico básicos de uso común traballados previamente. | | |
| CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento. | Aplicar estratexias para a expresiòn escrita (mapas mentais, esquema ideas, ...) | | |
| CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital. | Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambio de información. | | |
| CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación. | Empregar fórmulas e estratexias de saúdo, despedida e presentación. | | |
| CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes. | Explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de xeito guiado. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Aplicar, de xeito guiado, estratexias que lles faciliten a comprensión e a expresión das súas ideas. | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento. | Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas. | | |
| CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. | Empregar progresivamente algunha estratexia de autocorrección. | | |
| CA2.3 - Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe. | Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación propostas | | |
| CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais. | Actuar con respecto en situacións interculturais | | |
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia. | Aceptar e respectar a diversidade lingüística e cultural propia de países onde se fala a lingua estranxeira. | | |
| CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística. | Apreciar a diversidade lingüística e cultural. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.<br>- Técnicas de aprendizaxe.<br>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.<br>- Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.<br>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e |

| Contidos |
|---|
| - presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade. |
| - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade. |
| - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais. |
| - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. |
| - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). |
| - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar. |
| - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. |
| - Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe. |
| - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. |
| - Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. |
| - Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída. |
| - Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico. |
| - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. |
| - Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. |
| - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. |
| - Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes. |
| - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira. |
| - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. |
| - Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. |
| - Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | What a wonderful world | 32 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes. | Recoñecer a idea principal dun texto ben oral ou escrito. | PE | 10 |
| CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos. | Aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global dun texto breve e sinxelo. | TI | 90 |
| CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira. | Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado. | | |
| CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia. | Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, usando estruturas e léxico básicos de uso común traballados previamente. | | |
| CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento. | Aplicar estratexias para a expresiòn escrita (mapas mentais, esquema ideas, ...) | | |
| CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital. | Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambio de información. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación. | Empregar fórmulas e estratexias de saúdo, despedida e presentación. | | |
| CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes. | Explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de xeito guiado. | | |
| CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Aplicar, de xeito guiado, estratexias que lles faciliten a comprensión e a expresión das súas ideas. | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento. | Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas. | | |
| CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. | Empregar, pouco a pouco, algunha estratexia de autocorrección. | | |
| CA2.3 - Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe. | Ser quen de autoavaliar a súa aprendizaxe. | | |
| CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais. | Actuar con respecto en situacións interculturais | | |
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia. | Aceptar e respectar a diversidade lingüística e cultural propia de países onde se fala a lingua estranxeira. | | |
| CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística. | Apreciar a diversidade lingüística e cultural | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| **Contidos** |
|---|
| - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.<br>- Técnicas de aprendizaxe.<br>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.<br>- Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.<br>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.<br>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade.<br>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais.<br>- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre.<br>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.<br>- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).<br>- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar.<br>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.<br>- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.<br>- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.<br>- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.<br>- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.<br>- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.<br>- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. |

| Contidos |
|---|
| - Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes.<br>- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.<br>- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.<br>- Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.<br>- Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Tales from the past | 33 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes. | Recoñecer a idea principal dun texto oral ou escrito. | PE | 10 |
| CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos. | Aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global dun texto breve e sinxelo. | TI | 90 |
| CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira. | Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado. | | |
| CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia. | Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, usando estruturas e léxico básicos de uso común traballados previamente. | | |
| CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento. | Aplicar estratexias para a expresiòn escrita (mapas mentais, esquema ideas, ...) | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital. | Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambio de información. | | |
| CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación. | Empregar fórmulas e estratexias de saúdo, despedida e presentación. | | |
| CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes. | Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, usando estruturas e léxico básicos de uso común traballados previamente | | |
| CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Aplicar estratexias para a expresiòn escrita, oral e acomprensión | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento. | Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas. | | |
| CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. | Empregar, pouco a pouco, algunha estratexia de autocorrección. | | |
| CA2.3 - Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe. | Ser quen de autoavaliar a súa aprendizaxe. | | |
| CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais. | Actuar con respecto en situacións interculturais | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia. | Aceptar e respectar a diversidade lingüística e cultural propia de países onde se fala a lingua estranxeira. | | |
| CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística. | Apreciar a diversidade lingüística e cultural | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.<br>- Técnicas de aprendizaxe.<br>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.<br>- Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.<br>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.<br>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade.<br>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais.<br>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.<br>- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).<br>- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar.<br>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.<br>- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.<br>- Propiedade intelectual das fontes consultadas e contidos utilizados; identificación de dereitos de autoría.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.<br>- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.<br>- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída. |

| Contidos |
| --- |
| - Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico. |
| - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. |
| - Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. |
| - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. |
| - Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos. |
| - Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes. |
| - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira. |
| - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. |
| - Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. |
| - Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios. |
| - Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

En canto ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo do curso.
Traballaranse a totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, cando menos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes.
Cada sesión comezará coas rutinas orais coas que repasaremos contidos previos e poremos encontexto diferentes aspectos léxicos e gramaticais estudiados. Serve tamén de actividade de "inmersión" na lingua estranxeira e transición respecto á materia anterior.
Integrarase o traballo das 4 competencias (expresión e comprensión oral e comprensión e expresión escritas), e faremos especial fincapé en estratexias específicas de comprensión escrita (idea principal, facer inferencias...) e estratexias específicas de expresion escrita (recollida de ideas nun mapa conceptual, organización das ideas en frases e en parágrafos, tipos de textos, ...), xa que son aspectos nos que alumnado amosa dificultades.
Empregaremos diferentes estruturas de aprendizaxe cooperativa, actividades comunicativas baseadas no xogo e estacións de aprendizaxe nas que poremos en práctica o aprendido en pequeno grupo.
Empregaranse diferentes recursos, tanto dixitais como físicos, tentando sempre, para favorecer as estratexias de comprensión e expresión escritas, o traballo con textos en papel, xa que recentes estudios demostran que a lectura en papel permite unha maior comprensión do que a lectura en dispositivos dixitais. Ademais disto, a lectura en papel, ao requerir un maior esforzo cognitivo, fai que o alumnado poña en funcionamento habilidades, capacidades e funcións executivas que precisa desenvolver na educación primaria para acadar diferentes aprendizaxes (nivel atencional sostido, memoria de traballo, ritmo lector, ruta visual, ...)

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Recursos persoais. |
| Recursos materiais. |
| Recursos dixitais. |
| Recursos espaciais. |

Recursos persoais: docentes e auxiliar de conversa (de finais de outubro a finais de maio)
Recursos materiais: textos, tarxetas de comprensión lectora, xogos de mesa (ruleta, Bananagrams, Twist up...), caderno, fichas de traballo, pizarras, ordenadores individuais,...
Recursos dixitais: ordenador de aula, canón, EDI, altofalantes, Internet, e-Dixgal, recursos en rede.
Recursos espaciais: aula do grupo/clase, biblioteca, zonas exteriores do centro.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, consúltanse os informes do curso anterior e osexpedientes do alumnado.
Ademais disto, a través de xogos e rutinas orais faise unha avaliación inicial da comprensión e expresión oral do alumnado, que se acompaña dunha proba escrita na que avaliamos a comprensión e expresión escrita ao inicio do curso.
Isto permítenos detectar dificultades específicas así como especificar o punto de partida do curso, aspectos que e preciso retomar para que o alumnado teña un bo andamiaxe, etc (trátase dunha lingua, a aprendizaxe vai construíndose sempre de xeito acumulativo sobre aprendizaxes previas)

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **10** | **20** | **30** | **40** | **100** |
| **Proba escrita** | 15 | 10 | 10 | 10 | **10** |
| **Táboa de indicadores** | 85 | 90 | 90 | 90 | **90** |

**Criterios de cualificación:**

O 60% dos CA da presente PD serán avaliados por táboas de indicadores, fundamentalmente listas de control e rúbrica, mentras que o 40% restante se fará a través de probas escritas.
A nota trimestral, no referido ao que ás UD se refire é a seguinte:
-1º trim.: UD 1 40 %, UD 2 60%
-2º trim.: UD 3 100%
-3º trim.: UD 4 100%
O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:
-1º trim. 30%

-2º trim. 30%
-3º trim. 40%
Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, fose un resultado con decimais, aplicaremos o seguinte:
-se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
-se o decimal está entre 50 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.
En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

**Criterios de recuperación:**

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación integrarase na tarefa e/ou avaliación seguinte.
Ao tratarse dunha lingua os novos contidos e aprendizaxes engádense aos anteriores, polo que a medida que avanza o curso as tarefas e actividades requiren do emprego do aprendido anteriormente ademais do novo, isto servirá como recuperación.

## 6. Medidas de atención á diversidade

O deseño de actividades basearase no DUA, proporcionando diferentes tipos de andamiaxe para as diferentes tarefas que se vaian propoñendo. A aprendizaxe cooperativa e en grupo será unha das estratexias a empregar, tanto para resolver dúbidas como tarefas. Así mesmo alternaremos o traballo en grande grupo co traballo en pequeno grupo para poder atender ás posibles dificultades que poidan xurdir.
Tamén empregaremos estratexias específicas de reforzo para os estudiantes que o poidan precisar e, en caso de contar con el, empregaremos o apoio doutro mestre na aula para atender mellor as necesidades que vaiamos atopando.
Dende finais de outubro ata maio contaremos co apoio dunha auxiliar de conversa, o que permitirá traballar en pequeno grupo e dar maior apoio ao alumnado.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Educación en igualdade entre homes e mulleres: Actividades de concienciación e reflexión sobre o tema (análise de estereotipos, actitudes non respectuosas coa igualdade, ...) | | X | | X |
| ET.2 - Educación en respecto polo planeta e os recursos naturais: promoverase a reutilización, o uso responsable de recursos, a reciclaxe, empregaranse lecturas sobre o tema, trataremos o tema do respecto polos animais e os seus habitats... | | | X | |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|---|---|---|---|---|
| ET.3 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento. | | X | X | X |
| ET.4 - Educación emocional e en valores: identificación de diferentes emocións e formas de expresalas, xestionalas, ... | | X | | X |

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Our tales | Traballaremos contidos da área a través de historias e de quenes as contaron. | | | |

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Progreso global do alumnado en base ao seu nivel inicial. |
| Distribución dos contidos ao longo da programación. |
| Temporalización. |
| Metodoloxía empregada |
| Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación empregados. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Optimización de recursos (materiais, persoais, espaciais). |
| Medidas de atención á diversidade |
| Adecuación dos contidos traballados ás características do alumnado e a súa contorna. |
| Adecuación da metodoloxía ás características do alumnado. |
| Atención ao alumnado NEAE e eficacia das medidas de atención á diversidade propostas. |

| Clima de traballo na aula |
|---|
| Nivel de satisfacción do alumnado coas actividades. |
| Clima de aula. |
| Traballo en equipo. |
| Valoración global do alumnado positiva. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Participación da comunidade educativa, incluíndo ás familias. |

**Descrición:**

En liñas xerais, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro.
A enquisa ao alumnado realizarase, como mínimo, ao remate do 3º trimestre. Nela o alumnado avaliará as diferentes actividades realizadas, o clima de aula, as diferentes metodoloxías empregadas, ...
A información obtida do seguimento trimestral e da/s enquisa/s feitas polo alumnado formarán parrte da memoria final e servirán para reflexional e facer propostas de mellora.
Valoraranse propostas de cambio ou mellora na programación didáctica de cara á elaboración das dos seguintes cursos.
Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través da aplicación PROENS.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:
1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
-Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
-No referido ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
-Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
-Propostas xerais de mellora e outras observacións.
2. Actividades complementarias (realizadas ou non).
Recolleranse as actividades realizadas e as non realizadas, como proposta de mellora ou conveniencia de realizalas nos seguintes cursos en base á súa pertinencia pedagóxica e/ou organizativa.

# 9. Outros apartados